


## Boletín Biblioteca A3P



## Xosé Mª Álvarez Blázquez

### DONA

Coma un vento, lixeira,  
eu ben te vin chegar.  
Traquías unha estrela  
beilládoche na man.

¡Qué noite namorada  
a brilar nos teus ollos!  
¡Qué alamíos da iauga  
arredor do teu corpo!

-¡Deus, si me deras dona  
para un fondo querer,  
para unha vida fonda!  
¡Ai, si ma deras, Deus!

E foi coma un miragre  
na noite o noso amor.  
¡Aínda van polos ares  
túa voz e a miña voz!

### Contidos

O día das Letras Galegas	2
Día da Ciencia na rúa	4
"A pequena farsa dos amores desenhados"	5
Viaxamos ao Grove	6
Xavier Alcalá	7
Os lectores opinan	8
Libros recomendados	12
Os nosos creadores	14
2008. Año Internacional de la Tierra	17
Recanto de economía	18
O curruncho do enxeño	20

# O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

ANDREA VEIGA,  
BERTA PAN,  
AARÓN MERELAS,  
PAULA SORIANO.

Cada 17 de Maio celébrase o Día Das Letras Galegas para dedicarllo a un autor/a que escribiu en galego esta escolla recae todos os anos nunha persoa que leve como mínimo dez anos falecida.

A Real Academia Galega escolle cada ano un autor a quen dedicarlle o día, esta escolla realízase na primeira sesión plenaria que teña lugar despois da celebración do Día das Letras Galegas.

Esta tradición celébrase dende 1963, cando Sebastián Martínez Risco, Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo propuxeron celebrar a creación intelectual en galego. Escolleuse o día 17 de maio por coincidir ese ano co centenario da publicación dos Cantares Gallegos de Rosalía.

Este ano dedícase a Xosé María Álvarez Blázquez nado no ano 1915 en Tui (Pontevedra) e falecido en Vigo no ano 1985.



Rosalía de Castro  
1963



Ánxel Fole  
1997



María Mariño  
2007



Manuel Murguía  
2000



Manuel Antonio  
1979



Manuel Lugrís Freire  
2006



Roberto Blanco Torres  
1999

# Xosé María Álvarez Blázquez

LAURA PONTE,  
VANESA CODESAL  
CRISTINA FACAL



Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 5 de febreiro de 1915- Vigo, 2 de marzo de 1985) foi un escritor de poesía, narrativa e ensaio. Tamén foi arqueólogo, investigador e editor. É un dos representantes da poesía neotrobadoresca, poesía que xurdiu ó redor do ano 1930 debido á difusión en Galicia da lírica medieval galego-portuguesa.

É o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2008.

Xosé María Álvarez Blázquez pertence a unha saga de escritores que ten os seus antecedentes no seu avó, Emilio Álvarez Giménez. Posteriormente, a súa vida foi marcada xunto cos seus irmáns Darío, Celso, Alfonso e Emilio polo fusilamento do seu pai.

Fundou en, 1950 con Luís Viñas a editorial Monterrey, famosa por publicar a colección "O Moucho" onde foron publicados entre outros *O catecismo do labrego* de Valentín Lamas Carvajal. En 1962 ingresa na Real Academia Galega. Fixo importantes descubrimentos tanto na arqueoloxía como na literatura, nesta última publicou escolmas de poesía medieval e dos Séculos Escuros.

Tamén colaborou en diversos medios de comunicación e pronunciou conferencias ó redor do mundo.

## OBRAS:

### Narrativa:




- Os ruins, 1936
- El crimen de la isla verde, 1941
- Una cabaña en el cielo, 1952
- Crecen las aguas, 1956

### Poesía:

- Abril, 1932
- Canle segredo, 1976
- Poemas de ti e de min, 1949
- Romance do pescador pe leriño, 1954

### Teatro:

- El zapato de cristal, 1947
- Los pazos altivos, 1947



# DÍA DA CIENCIA NA RÚA

DANIEL RUIZ PÉREZ  
3º ESO C

O sábado día 10 de maio celebrouse a “Ciencia Na Rúa”, que é unha especie de festa onde van un montón de institutos que se colocan nunha haima cada un, e os seus alumnos presentan ós demais institutos e as persoas que pasan por alí o que fan. Este ano fomos moitísimos alumnos do IES David Buján, máis de 100!!.

Sáímos do instituto no autobús sobre as nove, e un tempo despois estabamos no parque de Santa Margarita. Os que fomos por primeira vez quedáramos

abraiados diante de tantas haimas. Á nosa constaba de dúas partes (dúas mesas: na da dereita estaban os que preparaban a comida e daban a probar a xente e explicaban o proceso científico, e na da esquerda estaban os

que facían xogos de pensar, etc), tamén había un cubo con maicena e auga (que cando a golpeas con forza está duro e cando mergullas a man a modo é

como leite). Cada curso tiña o seu horario de traballo, cando tocaba traballar tiñas que estar na haima explicando a xente o que facías



como se facía o xogo, dábanselle Newtons, que logo se podían canxear por agasallos (era como diñeiro). Cando tiñas tempo libre podías visitar as outras haimas e participar no que che propoñían, etc, era moi interesante porque se aprenden moitas cousas, e como case todos tiñamos algún amigo doutro instituto, íamos a falar con el/ela. Tamén se podía ir a Casa das



Ciencias, ó Acuario, á Domus, etc, porque ese día era todo de balde, e tamén puxeron buses de balde que paraban neses sitios, lástima que facía mal tempo e pouca



xente saíu do parque. O IES David Buján, a parte da súa correspondente haima, fixo outro espectáculo: os foguetes de auga, que estivo funcionando todo o tempo, e había bastante xente mirando “como disparaban” as botellas.

que animádoas a probar, aínda que a maioría de xente non quería probar porque dicía cousas como “Non, que igual é tóxico”, “non teño fame”, ou cousas así, había xente que parecía que ía alí só a comer. Nos xogos de pensar, se a xente o facía ben, e resolvía

## “A PEQUENA FARSA DOS AMORES DESENCONTRADOS” JENARO MARINHAS DEL VALLE

PAULA PÉREZ BLANCO  
ANTÍA SOTILLO NÚÑEZ  
MARÍA TAIBO BARBEITO

O pasado día 8 de Maio o grupo de **Teatro Rebuldeiro**, formado por alumnos do **IES Monte das Moas**, visitou o noso instituto para representar a obra *Pequena Farsa dos amores desencontrados*, de Jenaro Marinhás del Valle.

Despois de escenificar a obra, os actores e actrices concederon un breve coloquio cos alumnos que asistiron á mesma. Explicaron que realizan os ensaios unha vez á semana, os mércores, que os desta obra se prolongaron durante máis dun ano. Ademais tiveron a dificultade engadida de que á metade do curso, dous dos actores decidiron que non querían seguir a participar no proxecto e tiveron que arranxar os papeis e volver a repartilos entre os alumnos que se incorporaron máis tarde ó elenco. De feito, dous dos actores fixeron o seu debut no noso centro. Todos eles dicían que se apuntaran ao grupo porque lles gusta o teatro desde sempre e que están moi contentos coa experiencia.

A obra durou entre 30 e 40 minutos nos que non faltou o baile, a música e o humor. Todos os pasamos moi ben e os actores tiveron un éxito blico.



IGNACIO MÁRQUEZ  
XULIA VICENTE

O grupo de teatro Rebuldeiro do IES Monte das Moas (A Coruña) veu o outro día ao instituto a representar *Pequena farsa dos amores desencontrados*, de Jenaro Marinhás del Valle.



A obra orixinal ambientábase nos principios do século XX, pero aquí representárona con algunhas modernizacións, ambientada na época actual e con música marchosa. A obra trata da posta en escena dunha farsa na cal ningún personaxe está satisfeito co seu papel. O apuntador trataba de poñer orde, pero os personaxes non estaban polo labor, a nena fidalga non quería nada co bacharel, nin a moza primeira co carpinteiro nin a segunda co mariñeiro, todos acabaron coa parella que eles quixeron, así que os gardas ó servizo da apuntadora tiveron que intervir a petición desta e comezaron a tiros por todo o teatro.

Foi unha obra entretida e simpática, aínda que tería máis graza se non tiveramos lido a obra antes na clase. Notábase que os actores traballaran duro.



## VIAXAMOS AO GROVE

LIDIA ARCAS PÉREZ  
ROCÍO UZAL VARELA  
2º ESO C



O pasado día 31 de marzo, os alumnos de 2º E.S.O. e os de 3º P.D.C. fomos de excursión a O Grove.

Cando chegamos, subimos nun catamarán e demos un paseo pola ría de Arousa.

Alí, vimos as bateas, que son moi abundantes nesa ría; e explicáronnos o mantemento das bateas e outras características da ría.

Despois, fomos ao Aquarium de Galicia e alí, faláronnos sobre a familia dos cetáceos e logo vimos as instalacións, que tiñan peixes característicos das augas galegas.

Por último, os profesores deixáronnos unha hora libre na que comemos e demos un paseo polo porto e os seus arredores.



## CONTACONTOS

ÁNGELES MÍGUEZ CHAS  
1º E.S.O. A

O día 30 de abril, o alumnado de 1º E.S.O. fomos a Santiago, a participar no concurso "Tíralle da Lingua" que se celebraba no auditorio de Galicia.



Participaban desde nenos que ían en 1º de primaria ata rapaces de 4º E.S.O. Dividido en dúas categorías: a primeira para os de primaria e a segunda para os de secundaria.

Os contos, polo xeral, eran moi orixinais. O instituto do I.E.S. David Buján, estaba representado por Nerea López Manzanero e Adriana Agilda Míguez, de 1º E.S.O. A, que contaron o relato titulado "No colexio".

Todo saíu ben.

Non puidemos saber quen gañou da segunda parte, dos de secundaria, xa que tivemos que marchar ás 12:30, para chegar a tempo a saída do instituto. Pero o que si sabemos e todos nós estamos de acordo, é que Nerea e Adriana contaron o conto estudentamente e, seguramente, aos demais colexios e institutos tamén lles encantou.



## XAVIER ALCALÁ

ANTÍA BLANCO

Xavier Alcalá (Miguelterra, Ciudad Real, 1947), viviu en Ferrol dende a infancia. Enxeñeiro de profesión e profesor da Universidade da Coruña. Colaborador en revistas e xornais galegos, con series como «Os xuramentados», «Desde a última trincheira», «O impaís», «Do caderno ó prelo»... Viaxeiro vocacional e estudioso da emigración galega en América. Coautor do método de aprendizaxe, *O galego hoxe* (1980). Como traductor realizou as versións para o galego de *A illa do tesouro* (Xerais 1985) de Stevenson e *Estudio en escarlata* (Xerais 1986) de Arthur Conan Doyle.

Hai trinta anos que escribe crónicas do que viviu e do que outros viviron. Gustaríalle ter escrito nunha lingua universal nas formas, non neste galego "demótico" en que a *diglossia tremens* dos galegos lle obriga a escribir. Escribiu cancións para Andrés do Barro.

Coñeceu ao seu avó cando o avó tiña 70 anos e acababa de saír do cárcere.

Xavier fala varias linguas, castelán, galego, inglés, francés, portugués...

Pasa a maioría do tempo entre Bruxelas e Galicia. Gústalle moito viaxar polas Américas e coñecer os costumes. Viaxou a Arxentina, un lugar que lle gusta moito. Agora mesmo está dando unhas clases de Obradoiro de Creación Literaria no instituto David Buján.

Obras:

*Volgar, seis personaxes e un fado*, 1972 (relatos)

*A insua*, 1978 (novela)

*A nosa cinza*, 1980 (novela)

*Fábula*, 1980 (novela)

*Nos pagos de Huinca*

*Loo*, 1982 (novela)

*O Larvisión e outros relatos*, 1984, (relatos)

*Tertúlia*, 1985 (novela)

*Cárcere verde*, 1990 (novela)

*Latitude austral*, 1991 (relatos)

*Viaxes no país de Elal*, 1992 (crónica de viaxes)

*Contos das Américas*, 1992 (relatos)

*Contos do impaís*, 1992 (relatos)

*Código Morse*, 1996 (novela)

*La Habana Flash*, 1998 (crónica de viaxes)

*Alén da desventura*, 1998 (novela). Premio Blanco Amor. 1998

*Entre fronteiras*, 2004 (novela)



### Que divertido é o obradoiro de creación literaria!

A pasada semana tivemos o pracer de que Xavier Alcalá, un famoso escritor, viñera o noso instituto a ensinarnos a facer un bo libro.

Gustounos moito o taller e aprendemos moito.

El propúxonos que fixéramos un conto breve que el corraxirá cando regrese.

Deixounos dous libros e un CD para que leramos e escoitáramos mentres el non estivera.

Aínda nos quedan dúas sesións con el e estamos desexando que volva.

ESTELA ROUCO

TAMARA MIRANDA

3º ESO

## OS LECTORES OPINAN

### UNA HISTORIA EN LA HISTORIA

Sauro Marianelli

Este libro no me gustó porque, a pesar de expresar muy bien lo que pasaba en la escuela de aquella época, es muy aburrido y la historia transcurre muy lentamente a través del tiempo y a mí sinceramente me gustan los libros con mayor acción. También refleja muy bien la dureza de la vida y de la realidad en algunos momentos del libro.

Yo este libro no lo recomiendo a la gente que le guste la lectura rápida y sí se lo recomiendo a aquéllos que les guste la lectura lenta y tranquila.

Adrián Fernández Añes  
2º ESO C

### LAS BRUJAS


Roald Dahl

“Las brujas” es un libro lleno de aventuras muy interesante y muy emocionante desde el principio al fin.

El autor tiene una visión de las brujas diferente al resto: mucho más malignas y más difíciles de identificar.

El libro me ha gustado, menos en una cosa, el final, ya que deja mucho que desear porque los protagonistas piensan en un plan infalible para acabar con las brujas del que no nos enteramos.

Alejandro Gómez Rodríguez  
1º ESO A



### CUANDO HITLER ROBÓ EL CONEJO ROSA

Judith Kerr

Yo recomiendo este libro a todo el mundo, tanto a niños como a jóvenes y mayores.

Es un libro muy interesante en el que se relata la infancia de una niña que tiene que cambiar a distintos países por culpa de la expansión del nazismo. Este libro a la vez es muy bonito, ya que trata asuntos delicados, como es la infancia de una niña, y es muy divertido porque te hace pasar por momentos extraordinarios. Te cuenta la difícil infancia de Anna, la protagonista. Con su infancia se quedó también atrás su conejo rosa de peluche que lo tenía desde muy pequeña.

Es un libro que, si lo lees, te hará cambiar de idea en muchas cosas y siempre positivamente. Y, además de hacerte pasar un rato muy divertido, te gustará más la lectura y tendrás muchas ganas de leerlo y cuando lo empieces no lo podrás hasta acabarlo.

Leedlo y veréis como os gusta.

Ángeles Míguez Chas  
1º ESO A

Os recomiendo este libro porque es muy interesante y es uno de los mejores libros que he leído. Trata de una niña que se tiene que cambiar de casa varias veces.

Con este libro se puede aprender lo mal que vivían los judíos cuando gobernaba Hitler. Creo que debéis leer este libro porque es divertido y puedes aprender mucho.

Alexandre Castro Rodríguez  
1º ESO A





## OS LECTORES OPINAN

### MI AMIGO LUKI-LIVE Christine Nöstlinger

Yo recomiendo este libro aunque es un poco raro porque habla de cosas no muy bonitas, pero para nuestra edad está bastante bien.


Cuenta la historia de un muchacho que viaja a Inglaterra y cuando vuelve ha cambiado completamente. *Luki-live* tiene una amiga muy cortada con él.



Pablo Dubra Santos  
1º ESO A

Lo recomiendo, aunque es un poco raro porque tiene un final en suspense y además es un pelo parida. ¡Y el beso con interrupciones... no tiene mucho sentido! Pero es un buen libro, es entretenido y, al mismo tiempo, un poco aburrido al principio, pero cada uno tiene una opinión propia del libro.

Silvia España Riveiro  
1º ESO A



Mauro Oliveira Lens  
1º ESO B

### CALLES FRÍAS Robert Swindells

Es un libro que cuenta la realidad que sufren todas las personas que viven en la calle y a todos los peligros que se exponen y lo mal que lo pasan al pensar que a nadie les importan.

Yo lo recomiendo porque es un libro muy intrigante y debemos pensar que en cualquier momento nosotros podemos estar en ese lugar.

Lorena González Grela  
2º ESO C

“Calles frías” es una historia muy interesante porque nos narra como viven los vagabundos. Me ha gustado porque, a pesar de todo lo que hacen, donde viven, etc., los vagabundos se sienten felices. Y nosotros si viviéramos su historia, no seríamos capaces de pedir por ahí ni vivir donde viven. Nos avergonzaríamos.

Patricia Concheiro Moscoso  
2º ESO C

De este libro lo que más me gustó fue que Link, que así se llama el protagonista, aprendió a desenvolverse y a valerse por sí mismo, a pesar de todo lo que estaba viviendo y estaba pasando. Pero lo que más me decepcionó fue la muerte de un personaje que era bastante cercano al protagonista.

El libro me gustó bastante y os lo recomiendo porque es bastante entretenido e interesante, por lo menos para mí.

Rocío Uzal Varela  
2º ESO C



## OS LECTORES OPINAN

### LAS CHICAS DEL ALAMBRE

Jordi Sierra i Fabra

Me gusta mucho este libro porque trata sobre un tema que podemos ver en la televisión. Es una historia que cuando la lees, piensas que se parece a las vivencias de los famosos del corazón. Además trata de problemas como la anorexia, la bulimia y las drogas en las pasarelas y de cómo influyen estos temas en las modelos, incluso de la dura vida de una modelo.

Quizás, del libro, eliminaría alguna crítica y pensamiento del protagonista porque no siempre lo que pasa coincide con lo que piensa.

Igualmente, lo recomiendo porque es un libro realista, que merece la pena leer.




### MAUS

Art Spiegelman

Recomiendo este libro a todo el mundo, pero sobre todo a los amantes de la Historia. En este caso sobre la Segunda Guerra Mundial porque de eso se trata este libro.

Aunque sea muy gordo, no debes juzgarlo por su grosor ya que es fácil de leer porque está escrito en forma de cómic. También sus personajes son divertidos y fáciles de entender: a los nazis lo dibuja con forma de gatos y a los judíos, asesinados, maltratados y esclavizados, son los ratones y los aliados, los que derrotan a los nazis, son perros.



Jorge Fernández García

1º ESO B

Lidia Arcas Pérez

2º ESO C



Adriana Atilda Míguez

1º ESO A



Esteban Iglesias Rivas 1º ESO B

## OS LECTORES OPINAN

### NON HAI MISERICORDIA

Xelís de Toro

Non hai misericordia é, a grandes trazos, un libro de relatos curtos onde cada unha desas historias aparece enmarcada nunha historia xeral: a dun programa radiofónico no que aparecen seis personaxes (cada un cunha posición laboral e moral ben diferenciada) que debaten e analizan estes relatos.

Todas estas pequenas historias suceden en contextos sociais ben diferentes, pero teñen varios puntos en común: por unha parte, xiran arredor do tema da violencia, xa sexa física ou psicolóxica, e toda esta violencia vén dada por temas relacionados cos cartos. Podemos interpretar esta presenza dos cartos como motor desencadeante da violencia, como unha crítica xeral do autor ás sociedades de consumo.

Tamén os personaxes están relacionados, xa que os personaxes principais duns relatos aparecen como secundarios noutros, feito que axuda a dar unha especie de unidade a toda a novela.

A linguaxe empregada é totalmente coloquial e podemos observar termos característicos de cada un dos grupos sociais que aparecen na novela. Baixo o meu punto de vista, aparece moi ben levada a diferenciación social de cada un dos personaxes e os ambientes nos que se moven. Nótase a relación do autor co mundo da música, factor que aparece tamén, en maior ou menor medida, en todas as historias.

Por outra parte non me convenceu moito o pretexto do programa de radio. Os debates eran quizais demasiado densos e os seus participantes demasiado estereotipados e encadrados nos seus roles.




Falado como unha escritora afeccionada, creo que o feito de que o autor autoanalice as súas propias historias por medio dos seus personaxes lles quita esa “maxia” que teñen para o lector, eliminando a posibilidade dunha reflexión interna pola súa parte, aínda que tamén entendo que iso é algo que forma parte da historia.

En xeral, o libro gustoume. A narración é moi fácil de levar, aínda que quizais se me faga excesivo o uso dos puntos suspensivos, e a introdución de elementos propios do mundo urbano do día a día facilita esa complicidade por parte do lector.

O mellor de todo foi, sen dúbida, o final, tanto o feito de que se formule unha especie de paradoxo entre a aparición de personaxes dos relatos na historia xeral, como, e especialmente, o simbólico encrucillado que fai Rosa.

Sara Iglesias Rivas  
1º Bacharelato C



Aída Cachaza Gestal. 3º ESO B

## LIBROS RECOMENDADOS

### LA FORMULA PREFERIDA DEL PROFESOR

Yoko Ogawa

En ella se nos cuenta delicadamente la historia de una madre soltera que entra a trabajar como asistente en casa de un viejo y huraño profesor de matemáticas que perdió en un accidente de coche la memoria (mejor dicho, la autonomía de su memoria, que sólo le dura 80 minutos). Apasionado por los números, el profesor se irá encariñando con la asistente y su hijo de 10 años, al que bautiza «Root» («Raíz Cuadrada» en inglés) y con quien comparte la pasión por el béisbol, hasta que se fragua entre ellos una verdadera historia de amor, amistad y transmisión del saber, no sólo matemático...



### ASASINATO DUN SEAREIRO

Enrique Sánchez

A primeira vez que Pablo Salgueiro viu a Luis Docobo, o rapaz xa estaba morto. Acoitelado nunha estreita rúa da Cidade Vella da Coruña. Así e todo este caso non sería un máis para o policía. Pablo verase sistematicamente apartado da investigación e obrigado a continuala pola súa conta. Por sorte, ou por desgraza, a consecuencia deste asasinato vai coñecer a Marta.



### ¡VIVA LA CIENCIA!

Antonio Mingote  
 José Manuel Sánchez Ron


¡Viva la ciencia! se diferencia de todo lo publicado hasta ahora por la perfecta sincronía con que dibujo y texto se alían para incitar a sus lectores –niños, jóvenes, mayores– a adentrarse y disfrutar del maravilloso mundo de la ciencia y de sus hacedores.



### FIRMÍN

Sam Savage


Nacido en el sótano de una librería en el Boston de los años 60, Fermín aprende a leer devorando las páginas de un libro. Pero una rata culta es una rata solitaria. Marginada por su familia, busca la amistad de su héroe, el librero, y de un escritor fracasado. A medida que Fermín perfecciona un hambre insaciable por los libros, su emoción y sus miedos se vuelven humanos.



### OCTOBER SKY (CIELO DE OCTUBRE)

Director: Joe Johnston


En Coalwood, en 1967, todos los muchachos saben que acabarán trabajando en las minas de carbón cuando se hagan mayores y Homer Hickam no tiene ninguna razón para pensar que su caso va a ser diferente. Al no tener la preparación física para conseguir una beca de football, Homer no tiene modo de escapar de una vida predeterminada...



Inés Paris

## OS NOSOS CREADORES

Debuxo a carboncillo  
Sara Iglesias Rivas  
1º BAC. C



## OS NOSOS CREADORES

### JAIME DE CRISTAL

En una lejana ciudad nació en cierta ocasión un niño que era transparente, Se podía ver a través de sus miembros como se ve a través del aire y del agua. Era de carne y hueso y parecía de vidrio, y si se caía no se rompía en mil pedazos, sino que, como máximo, se hacía un chichón transparente en la frente. Se veía latir su corazón y se veían sus pensamientos, inquietos como los peces de colores en su pecera.

La gente de la ciudad, le tenía mucho cariño, porque sabía que el niño era amable y educado. Por eso, los vecinos y habitantes de la ciudad, no huían de él, y le trataban como a otro más, pero con un toque más especial.

Contrariamente, los habitantes de los pueblos vecinos, hablaban continuamente mal de él, le tomaban como un fantasma. Nunca nadie de estos pueblos penetraba las deterioradas puertas que abrían paso al pueblo del niño transparente. Tres años antes estos vecinos habían ido a celebrar una fiesta al pueblo de Jaime, que así se llamaba el niño transparente. Entonces, cuando estaban todos cenando, ante su asombro, vieron a un grupo de niños jugando al balón en el parque, y entre ellos pudieron ver unos órganos moviéndose de un lado para otro, y... ¿seguro que ya sabéis de quién se trataba, verdad? Pues... nada más ni nada menos, que de Jaime. Y desde aquella, no volvieron a entrar en este pueblo. Todos pensaban, que aquel pueblo tranquilo estaba embrujado. Después de aquel desprecio con Jaime, el niño estuvo muy triste, ya que le habían ofendido, y por esto, todos los ciudadanos le tuvieron un cariño especial.

En el otro pueblo, había una niña, llamada Lisa, de la misma edad que el niño transparente. Era muy sonriente y divertida

y su sueño era ser médica. Inevitablemente sentía que una mano transparente la llevaba junto a cualquier niño con problemas, ya que sentía compasión por ellos. Siempre llevaba el pelo sujeto en dos simpáticas coletas y siempre la veías corriendo por las calles del pueblo. Sus coletas se dejaban llevar por el aire. Ella deseaba tener una aventura, una en que ella fuera la protagonista ... Lisa, tenía terminantemente prohibido por sus padres y por todo el pueblo acercarse al pueblo, donde, según le habían contado, había fantasmas. Por eso, quiso verlos, y se puso en camino. Cuando llegó allí, le extrañó la vida en aquella pequeña ciudad. Todos estaban contentos, como si no pasara nada, como si no temieran a los fantasmas. Se sintió perdida, como fracasada, ya que se había desilusionado, y perdió la esperanza de no poder tener una aventura de verdad. Pero lo que aún más le extrañaba, es que se veía andando, atravesando el pueblo de forma involuntaria. Como si una fuerza sobrehumana la llevara a un punto de la ciudad, que ella desconocía. Se encontró en un parque, en el que jugaban niños, y ..., tal y como había pasado años atrás, vio unos órganos que también seguían la pelota e intentaban chutarla. Pero ella, contrariamente a lo que sus padres y vecinos habían hecho, se quedó mirando perpleja a ESO. La misma fuerza que la había conducido hasta allí, ahora la obligaba a informarse sobre el tema, ya que sentía una verdadera curiosidad por aquello. Ya se había enterado por uno de los niños que jugaban al fútbol, y ella, sin dejar acabar el partido, se dirigió a Jaime, y le estuvo mirando. Después de su primera mala impresión, ahora que conocía su triste y delicada vida, sintió algo por él y quiso ayudarle. Al volver al pueblo, Lisa les explicó la verdadera realidad del pueblo del chico transparente.

## OS NOSOS CREADORES

Y así pasaron los años. Lisa cumplió su sueño. Es médica. Y aunque nadie va a hacer que Jaime sea un chico opaco, ahora los del pueblo de Lisa saben igual que los de Jaime que el mejor antídoto para curar a Jaime, es el cariño, el aprecio y el amor, que son los componentes perfectos para darle un color y una forma más bonita al cuerpo del "CHICO TRANSPARENTE".

Nerea López Manzanero

1º ESO A



Laura Caballero García

### LIBERDADE

Verde

quérote verde  
sobre as frores  
sobre o chan  
un camiño  
camiña

Amarelo

síntoo amarelo  
asollado  
sen sombras tras de min  
ningún recordo pódeme ferir  
camiño só; voo

Azul

amor nos seus ollos  
ceo despexado cinzas de lúa  
non respiro sangue do ar!  
non se desangran ecos na miña cachola!!  
Deus está morto.

Alejandro Alonso

IES David Buján  
 Camiño dos Cacharros N°1  
 Os Campóns (Sigrás)  
 15181-Cambre (A Coruña)



**"EMPRESA XOVEN EUROPEA"**

MERCASIGRÁS (3º ESO-D), RAUCHA (3º ESO-A) E MEIGALLO (4º ESO A/B), S. COOP. GALEGAS INFORMAN:



AO LONGO DESTA CURSO 2007-2008 PARTICIPAMOS NUNHA EXPERIENCIA DE INICIATIVA EMPRESARIAL, A TRAVÉS DO PROXECTO "EMPRESA XOVEN EUROPEA" NO QUE PARTICIPAN CENTROS DE ENSEÑANZA SECUNDARIA DO RESTO DE ESPAÑA E EUROPA, ASESORADOS POLA EMPRESA PÚBLICA ASTURIANA "VALNALÓN", CREADORA E COORDINADORA DESTA PROXECTO:

<http://www.eje.valnaloneduca.com/>

A ACTIVIDADE CONSISTE NA CREACIÓN DUNHA COOPERATIVA ESCOLAR DEDICADA Á COMPRA-VENDA DE MERCANCÍAS CUN CENTRO SOCIO QUE A ENTIDADE COORDINADORA DO PROXECTO, VALNALÓN, ASIGNA A CADA CENTRO.

O VINDEIRO LUNS 2 DE XUÑO ACUDIREMOS Á FEIRA DE CAMBRE A VENDER OS PRODUTOS INTERCAMBIADOS COAS COOPERATIVAS ESCOLARES: "EJECUTIVOS DOROTEAS" DO COLEXIO "PAULA FRASSINETTI" DE AVILÉS, "VENTA JOVEN" DO COLEXIO "NTRA. SRA. DE GUADALUPE" DE MÉRIDA E "CAXIGALINES" DO COLEXIO "LA SALLE" DE LA FELGUERA (LANGREO).

A MEIRANDE PARTE DOS BENEFICIOS SERÁN DESTINADOS Á ONG CAMPOS - CAMBRE, POBO SOLIDARIO. ESPERAMOS A VOSA VISITA. MOITAS GRAZAS.



**AGRADECEMENTOS:**

- > EMPRESA PÚBLICA VALNALÓN DE ASTURIAS, COORDINADORA DO PROXECTO "EMPRESA XOVEN EUROPEA".
- > EMPRESAS PROVEDORAS: POLA SÚA COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO:
  - ARDENTIA, S.L. - BERGONDO - (PENDENTES TRISQUEL)
  - DAVEIGA, S.L.L. - CHANTADA - (GALLETAS MARIÑEIRAS)
  - O ENREDO DO ABELLEIRO, S.L. - ARZÚA - (MEL)
  - TARTAS LA ABUELA, S.L. - O PINO - (TARTAS DE SANTIAGO)
  - TARTAS "LA ESQUINA" - GUTIRIZ - (TORTAS DE MILLO)
- > CAJASTUR POLA SÚA COLABORACIÓN NO PROXECTO FACILITANDO UN PRÉSTAMO A TIPO DE XURO CERO POR UN IMPORTE DE 300 € A DEVOLVER NO MOMENTO DA DISOLUCIÓN DA COOPERATIVA.
- > CONCELLO DE CAMBRE POR PERMITIRNOS ACUDIR Á FEIRA LOCAL PARA COMERCIALIZAR OS NÓSOS PRODUTOS.



MERCASIGRÁS, S.COOP. Blog: <http://mercasi-gras.blogspot.com/>  
 RAUCHA, S.COOP. Blog: <http://raucha0708.blogspot.com>  
 MEIGALLO, S.COOP. Blog: <http://meigallo0708.blogspot.com/>  
 I.E.S DAVID BUJÁN. Camiño dos Cacharros, 1 Os Campóns - Sigrás 15181-CAMBRE (A Coruña)  
 Teléfono: 981 61 31 46 Fax nº: 981 61 31 73 Páxina web do Instituto  
<http://centros.edu.xunta.es/iesdavidbujan/>



# 2008. AÑO INTERNACIONAL DE LA TIERRA

**Agustín Antúnez Oréfiçe**  
**Martín López Martínez**  
**3º PDC**

El día 22 de Diciembre de 2005 la ONU decidió proclamar 2008 como el año internacional del planeta Tierra.

El objetivo general, era crear conciencia a nivel mundial y nacional, y lograr una sociedad más segura, más limpia y más próspera.


Los objetivos a cumplir son:

1. Reducir los riesgos originados por causas naturales o provocados por el hombre.
2. Reducir los problemas de salud mediante la mejora de los aspectos médicos.
3. Descubrir nuevos recursos naturales y disponer de ellos.
4. Determinar si existe un factor no humano añadido en el cambio climático.
5. Detectar fuentes profundas y poco accesibles de agua.
6. Incrementar el interés para el estudio de las ciencias de la tierra (Geología, Biología...)



## ¿QUÉ PODEMOS HACER NOSOTROS?

- Usar bolsas reciclables en vez de bolsas de plástico.
- No olvidarse de apagar la luz cuando no sea necesaria.
- Reciclar papel, vidrio, latas, cartón.
- Utilizar bombillas de bajo consumo.
- Ducharse en vez de bañarse.
- No dejar el ordenador o la tele encendidos.



# RECANTO DE ECONOMÍA

## INE

### POBOACIÓN INACTIVA

- Persoas dedicadas ás labores do fogar sen fin lucrativo.
- Estudantes.
- Xubilados e pensionistas.
- Incapacitados para traballar.
- Persoas que realizan actividades de tipo benéfico.

### POBOACIÓN ACTIVA

É a parte de poboación que busca un traballo ou xa o ten, é dicir, está formada por **todas as persoas en idade legal que desexen traballar**.

Dentro da **poboación activa** podemos distinguir, á súa vez, a **poboación ocupada** e a **desempregada**.

#### Poboación ocupada.

Son as persoas de **16 ou máis anos** que, durante a semana de referencia da enquisa estiveron traballando durante ao menos unha hora, a cambio dunha retribución (salario, xornal, beneficio empresarial, etc.) en diñeiro ou especie, ou quen tendo traballo estivo temporalmente ausente do mesmo por enfermidade, vacacións, etc. Subdivídense en **traballadores por conta propia** e **asalariados** (do sector público e do sector privado).

#### Poboación parada.

É a fracción de poboación activa que, querendo traballar e tomando medidas activas para elo, estivo parada durante o período de referencia. Chámaselles **parados ou desempregados**.

#### TAXA DE DESEMPREGO OU DE PARO:

É a porcentaxe de **poboación desempregada** respecto á **poboación activa**.

$$\text{Taxa de paro} = \frac{\text{Pob. desempregada}}{\text{Pob. activa}} \times 100$$

Rebeca Lendoiro Rodríguez  
1º Bach.-C

## RECANTO DE ECONOMÍA

### Sabes como se mide o paro en España? e Cal é a situación actual?

En España o **INEM (Instituto Nacional de Empleo)** ten un rexistro de desempregados, sen embargo, os datos a partir dos cales se obtén a taxa de paro en España proceden da **Enquisa de Poboación Activa** que trimestralmente realiza o **INE (Instituto Nacional de Estatística)**. Os resultados desta enquisa son considerados máis fiables para medir o paro que os procedentes dos rexistros de desempregados das oficinas públicas de emprego .

O **Regulamento 1897/2000 da UE**, aplicable directamente en España, considera parado a aquela persoa maior de 16 anos que non ten traballo pero está dispoñible para traballar e busca activamente emprego. Este Regulamento introduciu cambios na interpretación da busca activa de traballo e isto afectou ás cifras de paro, provocando unha diminución nas cifras do desemprego tanto absolutas como relativas.


Considéranse métodos activos de busca de emprego os seguintes:


- Estar en contacto cunha oficina pública de emprego co fin de atopar traballo, calquera que sexa a parte que tomara a iniciativa (a renovación da inscrición por razóns puramente administrativas non constitúe un planteamento activo).
- Estar en contacto cunha oficina privada (oficina de emprego temporal, empresa especializada en contratación, etc.) co fin de encontrar traballo.
- Enviar unha candidatura directamente aos empregadores.
- Indagar a través de relacións persoais, por mediación de sindicatos, etc.
- Anunciarse ou responder a anuncios de periódicos.

- Estudiar as ofertas de emprego.
- Participar nunha proba, concurso ou entrevista, no marco dun procedemento de contratación.
- Buscar terreos, locais ou material.
- Realizar xestións para obter permisos, licencias ou recursos financeiros.

España veuse especialmente afectada polos requisitos esixidos ás persoas cuxa única forma de busca era a inscrición nas oficinas de emprego públicas. Ata **2002** a mera inscrición nas mesmas como demandante de emprego, válida por tres meses, bastaba para considerar parada á persoa. Coa nova definición de parado, **unha parte das persoas que antes víñanse considerando paradas pasaron a ser consideradas inactivas**.

Segundo os últimos datos publicados na **EPA do 4º Trimestre de 2007**, o paro en España aumentou en **117.000 persoas** o pasado ano, polo que a cifra total de parados situouse en **1.927.600 persoas**. Deste xeito, a **taxa de paro** incrementouse en tres décimas con respecto ao ano pasado, ata o **8,60%**. A pesar de que se crearon novos postos de traballo e de que está reducindo a temporalidade (un dos grandes problemas dos traballadores/as en España), o número de desempregados empezou a medrar en sectores como a construción, afectado pola importante desaceleración que está experimentando a súa actividade respecto a exercicios anteriores. Por outra parte, as mulleres seguen sendo o colectivo máis afectado polo de-





## O CURRUNCHO DO ENXEÑO

1º Tes que completar esta táboa de forma que sumando os números de dúas casas consecutivas obteñas o número da seguinte.

5						81
---	--	--	--	--	--	----

### 2º Unha cuestión de comas.

Poñendo unha coma no lugar axeitado, a seguinte expresión é certa:

"CINCO POR CATRO VINTE MÁIS UN, VINTE E DOUS"



### 4º Medias semanais

Rafael é vendedor ambulante seis días á semana. Onte, venres, calculou que durante esta semana conseguira unha ganancia media de 48 € diarios. Pero ao facer a mesma conta hoxe, sábado, resulta unha media de 60 € diarios. Canto gañou hoxe?



### 3º De lóxica

Cinco atletas coméntanlle ao seu adestrador o resultado da última carreira:

**CARME:** Esta vez cheguei diante de Uxía.

**UXÍA:** Tina chegou detrás de Rosa.

**TINA:** Rosa non gañou.

**ROSA:** Carne chegou a cuarta.

**LUÍSA:** Hoxe ía día estupendo para correr.

Cal foi a orde de chegada?



### 5º Solución

SUDOKU  
 (Melina Sánchez Pena 1º ESO B)

6	1	5	4	7	9	3	2	8
4	2	7	5	3	8	1	6	9
3	9	8	6	1	2	7	4	5
2	3	4	9	5	7	8	1	6
5	8	1	3	6	4	2	9	7
9	7	6	2	8	1	5	3	4
8	5	3	1	9	6	4	7	2
1	4	9	7	2	5	6	8	3
7	6	2	8	4	3	9	5	1

As solucións no próximo boletín

Podedes presentar as vosas colaboracións, nos recreos na biblioteca.  
 ¡Ata o próximo boletín!

## ACERTACHES ? SOLUCIÓNS BOLETÍN Nº 20

1º É suficiente con abrir as tres elos dunha das cadeas. Con cada un dos elos que abrimos poderemos unir as outras catro cadeas para obter unha única cadea. 2º

20	5	26
23	17	11
8	29	14

3º Cada caixa pesa 2 kg. 4º

